

ACTA NÚM. 6 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 18 DE MAIO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **18 de maio de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, secretario do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 15 de decembro de 2016 (núm. 21).**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Proposta de suspensión cautelar de licenzas no ámbito da parcela EM-FE. Finca do Espiño.**
- 4. Proposta de suspensión cautelar de licenzas no ámbito do PERI-12. Antigo colexio Manuel Peleteiro.**
- 5. Aprobación do Plan de acción para as enerxías sostíbles (PAES).**
- 6. Aprobación inicial da proposta de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre a través da Sociedade Mercantil Municipal TUSSA.**
- 7. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, relativa a redacción dun plan de ordenación e uso público da finca do viveiro de Lamas de Abade e rehabilitación dos edificios.**
- 8. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación ao servizo de axuda no fogar.**
- 9. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 10. Solicitude do grupo municipal Socialista de comparecencia da concelleira delegada de emprego.**
- 11. Rogos e preguntas.**

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes de comezar a tratar os asuntos que conforman a orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

1.APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2016 (NÚM. 21).

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as, aproba a acta correspondente á sesión plenaria ordinaria do día 15 de decembro de 2016, núm. 21.

Unha vez rematado o punto primeiro da orde do día, pasan a intervir na sesión plenaria, Don Enrique La Torre Ruíz, Dona Laura Bugallo Sánchez e Dona Teresa Girón Sánchez.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

3. PROPOSTA DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DE LICENZAS NO ÁMBITO DA PARCELA EM-FE. FINCA DO ESPIÑO.

A xefa de sección de xestión urbanística con data 8 de maio do corrente ano e en relación ao presente asunto, emitiu o seguinte informe:

“O presente informe emítese á vista da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, de data 8 de maio de 2017, sobre estudo da reforma do planeamento vixente na finca do Espiño.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal, a través da disposición transitoria cuarta da súa normativa, remite a ordenación deste ámbito á Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana e do Plan especial da cidade en Monte Pío e Finca do Espiño, que foi aprobada definitivamente por Decreto do Consello da Xunta de Galicia 286/2004 do 25 de novembro.

A citada modificación clasificou os terreos afectados como solo urbanizable delimitado e estableceu a súa ordenación detallada, ao abeiro do previsto no artigo 57.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUG), daquela

aplicable. O plan vixente define un volume edificable de 10.500 m² construídos (EM-FE), con destino a distintos usos lucrativos (asistencial, sociocultural, sanitario, hoteleiro e residencial comunitario) en parte da parcela, impondo a cesión dos terreos restantes con destino a parque urbano e equipamento sociocultural.

2. ESTADO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO VIXENTE

Con data 4 de outubro de 2005, o Concello de Santiago e a mercantil LAYETANA SANTIAGO S.L. asinaron, ao abeiro do previsto no artigo 236 da LOUG, un Convenio urbanístico para a execución do planeamento na finca do Espiño, ratificado pola Xunta de Goberno Local o día 16 de xaneiro de 2006, no que se concretan os termos do cumprimento dos deberes urbanísticos de cesión e urbanización como deseguido se resume:

a) Substitúese o deber legal de cesión de aproveitamento ó Concello polo pagamento en metálico do custo de rehabilitación e acondicionamento da edificación catalogada que se cede ó Concello para uso sociocultural.

b) As obras de urbanización do parque e as de rehabilitación do edificio catalogado executaranse polo Concello, de conformidade cos proxectos que para o efecto formularán e custearán os propietarios, aboando estes o custo estimado da execución das obras, así como os da súa dirección e supervisión.

Con data 16 de xaneiro de 2006, a Xunta de Goberno aprobou definitivamente o Proxecto de equidistribución do ámbito, que determinou a cesión ao Concello das seguintes parcelas de uso dotacional:

-PU-14-1b, cualificada como parque urbano do sistema xeral, cunha superficie de 7.100 m².

-PU-FE, destinada a parque urbano do sistema local, cunha superficie de 6.610 m².

-SC-FE-1, cualificada como equipamento comunitario público do sistema xeral, cunha superficie de 700 m²

-SC-FE-2, cualificada como equipamento comunitario do sistema local, cunha superficie de 1070 m². Nesta parcela existe unha edificación catalogada que se mantén, e que será rehabilitada polo Concello a custa dos propietarios.

-C-1, destinada a viario público, cunha superficie total de 2428 m².

.C-2, tamén destinada a viario, cunha superficie de 92 m².

A parcela privada EM-FE figura no Catastro a nome de Management Santiago S.L. coa referencia catastral 6780421NH3468B0001JI.

Como condición para a edificación da parcela EM-FE, no acordo de aprobación definitiva do Proxecto de equidistribución indícase que “o propietario deberá de garantir a execución simultánea das obras de urbanización da parcela, incluíndo no proxecto a definición das obras de urbanización a executar con carácter accesorio e simultáneo á edificación, necesarias para a dotación ou complemento dos servizos urbanos básicos”.

Os proxectos de obras de acondicionamento do parque e de rehabilitación do palacete, presentados por LAYETANA, obtiveron a aprobación da Xunta de Goberno Local con data 24 de xullo de 2006.

O Concello requiriu a LAYETANA o ingreso das cantidades estipuladas no Convenio, que sumaban un total de 2.286.530 euros (IVE engadido), e que incluían tanto as actuacións de acondicionamento do parque público como as de rehabilitación do palacete. Incumplida a obriga de pagamento pola mercantil obrigada, e logo das sentenzas ditadas nos PO 238/2007 e 297/2007, o Concello procedeu a incautar a garantía depositada por LAYETANA.

Logo da denegación da licenza de edificación que fora presentada por LAYETANA no ano 2006 (LIC/1432/2006), non consta que se teña solicitado licenza de edificación nin de urbanización simultánea á edificación.

No momento actual, os terreos teñen a condición de solo urbano consolidado, ao terse completado a cesión dos espazos públicos, estando só pendente a realización das actuacións de urbanización accesorio ou simultánea vinculadas á edificación da parcela privada.

3. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE MODIFICAR A ORDENACIÓN URBANÍSTICA VIXENTE

Na proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 8 de maio de 2017, explícanse as novas necesidades urbanísticas que aconsellan estudar as posibilidades de revisar a ordenación vixente na parcela, como deseguido se transcribe:

O ámbito coñecido como “finca do Espiño” constitúe unha peza singular, facilmente identificable na zona oeste da cidade histórica, hoxe incorporada en gran parte ao dominio e uso público a través da execución do planeamento anterior.

A ordenación pormenorizada que o Plan vixente contempla na parte privada da parcela (EM-FE) determina o emprazamento de edificabilidade lucrativa -destinada a equipamento de titularidade privada, de carácter asistencial, hoteleiro e residencial comunitario- seguindo unhas formas, dimensións, alturas e rasantes da edificación

directamente debedoras do proxecto previo de Equipamento Asistencial para a parcela, realizado polo prestixioso arquitecto francés JeanNouvel, e achegado ao expediente de Modificación tramitado no seu momento polo Concello..

Sen embargo, tanto o tempo transcorrido dende aquela proposta de J. Nouvel -case 20 anos-, como as pretensións amosadas durante estes tempo pola propiedade, tendentes á implantación de usos mais asimilables ao de vivenda que ao residencial comunitario en sentido estrito ou dotacional, poñen de manifesto a obsolescencia das determinacións recollidas no planeamento vixente, ou, cando menos, a conveniencia de estudar a súa revisión ou reforma.

Ademais, semella que a ordenación actual soamente serviría para acoller o proxecto arquitectónico singular deseñado por J. Nouvel, pois as determinacións urbanísticas foron directamente “transpostas” daquel orixinal proxecto. Neste senso, a calquera outra iniciativa resultarlle moi difícil encaixar un novo proxecto axustado ás determinacións físicas recollidas no plan vixente, que foron concibidas ao servizo dun determinado proxecto arquitectónico, polo que a execución de calquera outro proxecto non encaixaría na ordenación vixente.

Por último, tanto o substancial incremento da importancia que nestes anos foi adquirindo a integración paisaxística, como a renovada sensibilidade medioambiental nas actuacións de dotación urbana, fan que sexa necesaria unha nova reflexión urbanística sobre ese ámbito. Unha reflexión que entenda a entrega do conxunto histórico sobre o territorio inmediato ao solpor da cidade, e que se comprometa ca arquitectura desde o lugar, integrando as pezas a implantar nunha “finca singular” e construíndo con elas os baleiros urbanos, espazos de especial valor social e simbólico.

4. O IUS VARIANDI EN MATERIA DE PLANEAMENTO

A natureza normativa dos plans, por unha banda, e a necesidade de adaptalos ás esixencias cambiantes do interese público, por outra, xustifican plenamente o iusvariandi que se recoñece á administración en materia de planeamento (STS 20.01.92).

A administración urbanística competente, en virtude do carácter “dinámico” inherente á función regulamentaria e planificadora, non só poderá, senón que deberá exercitar esta facultade que a lei lle atribúe, cando novos criterios ou novas necesidades urbanísticas fagan necesaria ou axeitada a modificación do plan en vigor.

Así, a STS de 14.02.2007, indica que a revisión do planeamento constitúe, non só unha potestade, senón mesmo un verdadeiro deber administrativo cando as circunstancias concorrentes así o demanden en aras da mellor satisfacción dos intereses xerais. Así, a

potestade de planeamento inclúe a da súa reforma, substitución ou modificación, para acomodalo ás esixencias do interese público, susceptibles de cambiar mesmo co só devir temporal.

No mesmo senso, a STSJ de Madrid nº 973/2013 afirma o deber da administración de realizar as modificacións que impoñan as necesidades urbanísticas creadas pola dinámica social no transcurso do tempo.

5. SUSPENSIÓN CAUTELAR DE LICENZAS

Os artigos 47.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 86.1 do seu Regulamento de desenvolvemento (Decreto 143/2016) habilitan expresamente a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e demolición para áreas ou usos determinados, cando se estea a estudar a formación ou a reforma do planeamento urbanístico.

Esta suspensión facultativa, de carácter previo ou cautelar, ten por finalidade asegurar a efectividade da futura ordenación urbanística, evitando a consolidación de aproveitamentos que, sendo conformes co plan en vigor, poden devir incompatibles ou contrarios coa futura ordenación en proxecto.

A súa fundamentación baséase na protección do interese público in situ no exercicio da potestade de planeamento, que aconsella impedir que se consoliden dereitos ao abeiro dunha norma en proceso de revisión.

La suspensión del otorgamiento de licencias es una medida legítima que protege la efectividad del planeamiento que se proyecta impidiendo que puedan producirse aprovechamientos del suelo que, siendo conformes con la ordenación en vigor, vayan a dificultar la realización efectiva del Plan futuro o su reforma. (STS do 12 de febreiro de 2002 RJ2002\1611).

De conformidade coa proposta do concelleiro delegado, a suspensión previa trae causa da necesidade de efectuar unha reflexión sobre a ordenación vixente no ámbito que garanta a súa correcta integración ambiental e paisaxística.

Con tal obxecto, e durante o período de estudo e elaboración da reforma, estímase necesario impedir cautelarmente a implantación do volume previsto, cuxa consolidación pode chegar a frustrar a finalidade da reforma que se está a estudar.

Polo tanto, a adopción da medida cautelar de suspensión previa ou facultativa xustifícase na conveniencia de evitar a consolidación dun volume que podería devir incompatible coas novas necesidades urbanísticas e coa futura ordenación da zona,

prevalecendo neste caso a protección do interese público que supón a reforma do planeamento urbanístico vixente coas anteditas finalidades.

5.1. Ámbito da suspensión

O ámbito territorial da suspensión correspóndese co ámbito da parcela EM-FE (equipamento privado *finca do Espiño*), cuxa referencia catastral é 6780421NH3468B0001JI.

5.2. Duración temporal

Segundo dispoñen os artigos 47.1 da LSG e 86.1 do RLSG, a suspensión facultativa terá unha duración máxima dun ano, sen prexuízo de que, unha vez adoptado o correspondente acordo de aprobación inicial do instrumento de planeamento, este determine ex lege unha suspensión automática por un prazo máximo de 2 anos.

Extinguidos os efectos da suspensión, non poderán acordarse novas suspensións no prazo de catro anos con idéntica finalidade.

5.3. Procedemento

O acordo de suspensión adoptarase polo órgano competente para aprobar inicialmente o Plan cuxa reforma se está a estudar, identificará tanto as áreas afectadas como as actuacións obxecto de suspensión, e haberá de publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión da provincia.

O órgano competente para adoptar neste caso o acordo de suspensión é o Pleno Municipal, posto que é este o órgano que ten atribuída a competencia para aprobar inicialmente calquera modificación do planeamento xeral (artigo 123.1.i) da LBRL)

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, sen prexuízo da notificación persoal que, de ser o caso, se practique a todos os peticionarios de licenzas afectadas, de conformidade co regulado polo artigo 87 do RLSG.

5.4. Proposta de acordo

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

De conformidade coa proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, e ao abeiro do que dispoñen os artigos 47.1 da Lei 2/2016 do

solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento (Decreto 143/2016), e co fin de estudar a reforma das determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal no ámbito da parcela EM-FE (equipamento privado fincado Espiño).

Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación e edificación no ámbito da parcela EM-FE (equipamento privado finca do Espiño)

O ámbito territorial de suspensión limitase a citada parcela, con referencia catastral 6780421NH3468B0001JI.

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, e terá a duración de UN ANO, sen prexuízo da que resulte, de ser o caso, do acordo de aprobación inicial da reforma.

Dado o carácter normativo da suspensión, o acordo só resulta impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo máximo de dous meses contado a partires da publicación.

Do acordo adoptado darase traslado ao Servizo de Licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orden á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.”

Rematado o debate, e de conformidade co ditame favorable emitido pola Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión do día 11 de maio de 2017, o Pleno da Corporación por 22 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (10 CA, 9 PP e 3 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións correspondentes ao/a concelleiro/a do BNG, acorda:

De conformidade coa proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, e ao abeiro do que dispoñen os artigos 47.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento (Decreto 143/2016), e co fin de estudar a reforma das determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal no ámbito da parcela EM-FE (equipamento privado fincado Espiño).

Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación e edificación no ámbito da parcela EM-FE (equipamento privado finca do Espiño).

O ámbito territorial de suspensión limítase a citada parcela, con referencia catastral 6780421NH3468B0001JI.

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, e terá a duración dun ano, sen prexuízo da que resulte, de ser o caso, do acordo de aprobación inicial da reforma.

Dado o carácter normativo da suspensión, o acordo só resulta impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo máximo de dous meses contado a partires da publicación.

Do presente acordo darase traslado ao servizo de licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orde á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.

4. PROPOSTA DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DE LICENZAS NO ÁMBITO DO PERI-12. ANTIGO COLEXIO MANUEL PELETEIRO.

En relación ao expediente do epígrafe, a xefa da sección de xestión urbanística, con data 5 de maio do corrente ano, emitiu o seguinte informe:

“O presente informe emítese á vista da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, de data 5 de maio de 2017 sobre estudo da reforma do planeamento vixente no ámbito dos terreos do antigo Colexio Manuel Peleteiro.

1. PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE

1.1. Antecedentes

Os terreos ocupados polas instalacións do antigo Colexio Manuel Peleteiro -hoxe trasladado a un novo emprazamento na zona de Monte Redondo- dan fronte ás rúas de San Pedro de Mezonzo e República Arxentina.

O Plan xeral de ordenación urbana (PXOU) aprobado no ano 1989 cualificou os terreos afectados como equipamento docente de titularidade privada (D-13).

Con data 30 de xuño de 2003 o Pleno do Concello aprobou unha Modificación puntual do Plan xeral, que supuxo a creación dunha ordenanza especial (OE-4) de aplicación aos terreos afectados.

En desenvolvemento das determinacións da antedita Modificación, o Pleno Municipal, en sesión que tivo lugar o 19 de abril de 2005, aprobou definitivamente o Plan especial de reforma interior nº 12 (PERI-12), no que se establece a ordenación detallada do ámbito da antedita ordenanza especial.

Para a execución da ordenación prevista polo planeamento urbanístico aprobouse pola Xunta de Goberno Local, con data 26 de decembro de 2005, o Proxecto de compensación do PERI-12, que adxudicou novas parcelas de uso lucrativo, e supuxo as seguintes cesións ao Concello de Santiago:

- Espazo libre público de 1.395 m² de superficie.
- Compensación económica substitutiva da cesión do 10%, por importe de 2.586.431,66 euros¹ (aboadada polos Irmáns Peleteiro Ramos en xullo de 2006)
- Obriga de construír un local de 900 m² construídos na futura edificación, acondicionado para uso de equipamento sociocultural.

1.2. Determinacións do vixente Plan xeral

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado nos anos 2007 e 2008, establece, na disposición final 3ª da súa normativa, o seguinte:

A ordenación establecida nas Modificacións puntuais para a creación das novas ordenanzas especiais, OE-5, OE-6, OE-7, aprobadas definitivamente en datas 16.7.01, 26.7.02 e 29.6.00 respectivamente regularanse segundo as súas determinacións. O Plan xeral remítese ás citadas modificacións. Para a súa ordenación volumétrica redactarase un Estudo de detalle coas características que se establecen nas presentes Normas.

No caso da Modificación puntual para a creación da Ordenanza especial OE-4 aprobada definitivamente en data 30.06.03 estarase á ordenación definida no PERI-12, aprobado definitivamente o 19.04.05, que o Plan xeral incorpora como determinacións propias en solo urbano.

1.3. Resolucións xudiciais

Os instrumentos de planeamento urbanístico aprobados con anterioridade ao PXOM vixente resultaron xudicialmente anulados en virtude das seguintes sentenzas:

1. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 7 de maio de 2009, que anulou a Modificación puntual en estimación do recurso 5313/2003, interposto pola Comunidade de Propietarios dos edificios números 20 e 22 da rúa da Rosa.
2. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 30 de abril de 2009, que anulou a Modificación puntual en estimación do recurso 5342/2003, interposto por D^a Luísa López Figueiredo.
3. Sentenza do Tribunal Supremo do 16 de febreiro de 2012 (ditada no procedemento 5415/2003, interposto por D^a M^a Dolores Peleteiro contra a Modificación do Plan xeral), que declara a nulidade da Modificación por non ser conforme a dereito a categorización dos terreos afectados como solo urbano non consolidado.
4. Sentenza do Tribunal Supremo do 10 de maio de 2012 (ditada no procedemento 4373/2005, interposto por M^a Dolores Peleteiro contra o PERI-12), que declara a nulidade do Plan especial “en los particulares relativos a la categorización de los mencionados terrenos como suelo urbano no consolidado y a las obligaciones de cesión de aprovechamientos derivados de dicha categorización (...)”
5. Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 8 de outubro de 2009, que estima o recurso 4409/2005, interposto pola Comunidade de Propietarios contra o PERI-12, e que anula o citado Plan especial en coherencia co xa resolto polo mesmo Tribunal en canto á nulidade da Modificación do plan xeral que lle serve de cobertura.

Posteriormente, e con motivo dun incidente de execución da sentenza ditada no procedemento 4373/2005, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante auto do 23 de maio de 2013, declarou a inexecutabilidade daquela sentenza, argumentando, entre outros motivos, a non impugnación del novo PGOM de 2007, en el que precisamente se incorpora la ordenación definida en el PERI 12, aprobado el 19.4.05, como determinaciones propias en suelo urbano, nuevo planeamiento no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume y lo que a su vez conduce a la instada declaración de inejecutabilidad.

Contra este auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, D^a M^a Dolores Peleteiro interpuxo recurso de reposición, que resultou desestimado por un novo auto ditado o 18 de xullo de 2013, contra o que a recorrente interpuxo recurso de casación perante o

Tribunal Supremo, o cal resultou tamén desestimado mediante sentenza ditada o 11 de decembro de 2014.

Á vista das anteditas resolucións xudiciais, o Concello resolveu formular un incidente de inexecución da sentenza anulatoria do PERI-12 (PO 4409/2005), con base na incorporación da súa ordenación detallada ao PXOM vixente.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante auto ditado o 18 de febreiro de 2016 acordou haber lugar a la declaración de inejecutabilidad de la sentencia de 8 de octubre de 2009” -anulatoria do PERI-12-, con base na seguinte fundamentación:

Fundamentos de Derecho

Primero. Siguiendo el criterio expuesto en autos de esta Sala, de 23 de mayo de 2013 y 18 de julio de 2013 dictados en incidente de inejecutabilidad de la sentencia resolutoria del recurso contencioso-administrativo 4373/2005 PO, es de significar que no consta la impugnación del novo PGOM de 2007, en el que precisamente se incorpora la ordenación definida en el PERI-12, aprobado el 19.04.05, “como determinaciones propias en suelo urbano”, nuevo planeamiento no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume y tampoco ha sido desvirtuada la existencia de proyecto de compensación no impugnado, con lo que ello supone según lo establecido en el art. 73.1 L.J. 98 y cuando dicho proyecto de compensación no tiene naturaleza de disposición general, circunstancias las expuestas que al igual que en los referidos autos, conducen a un pronunciamiento en favor de la instada declaración de inejecutabilidad.

O Concello de Santiago promoveu tamén sendos incidentes de inexecución respecto das sentenzas ditadas nos procedementos ordinarios 5313/2003 e 5342/2003, ámbalas dúas anulatorias da Modificación do PXOU para a creación da ordenanza especial OE-4.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante auto ditado o 20 de xuño de 2016, declarou a inexecución da sentenza ditada no PO 5342/2003 con base nas seguintes consideracións:

(...) la incorporación al vigente PXOM de la ordenación contenida en el PERI-12 del anterior PGOU y la no impugnación en este extremo; lo declarado en la STS de 16-2-2012 sobre la clasificación del incluido en su ámbito como suelo urbano consolidado, y la inexistencia en la Ley 9/2002, en la regulación del suelo urbano consolidado, de las limitaciones que establecía el artículo 11.1.b) de la Ley 1/1997, constituyen causa de imposibilidad legal de ejecución de una sentencia cuyos pronunciamientos se basan, precisamente, en la infracción de unas limitaciones que actualmente ya no son

aplicables, por lo que procede estimar el incidente y realizar la declaración de inejecutabilidad solicitada.

Así mesmo, por auto do TSXG de data 25 de novembro de 2016 declarouse a inexecución da sentenza ditada no PO 5313/2003.

1.4. Conclusións sobre as determinacións de ordenación urbanística aplicables

En consecuencia, e considerando:

Primeiro. Que o vixente Plan xeral de ordenación municipal, a través da disposición final 3ª da súa normativa, incorpora ou asume, *“como determinacións propias en solo urbano”* a ordenación establecida polos seguintes instrumentos de planeamento:

- Modificación puntual para a creación da Ordenanza especial OE-4 aprobada definitivamente en data 30.06.03
- PERI-12, aprobado definitivamente o 19.04.05

Segundo. Que o TSXG declarou a inexecución das sentenzas que anularon tanto a Modificación do PXOU para a creación da ordenanza especial OE-4, como do PERI-12, con base na súa incorporación ao vixente Plan xeral de ordenación municipal, *“nuevoplanearno no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume”*.

Con base nos considerandos anteriores, a técnica que asina, en informe emitido o día 1 de marzo de 2017, -ao que prestou a súa conformidade o director da Asesoría Xurídica municipal- concluíu que a ordenación urbanística aplicable ao ámbito é a que se estableceu nos instrumentos de planeamento citados no considerando primeiro, por incorporación expresa das súas determinacións ao PXOM vixente a través da disposición final 3ª.

As determinacións vixentes son as seguintes:

- Edificabilidade máxima: 23.500 m²construídos.
- Usos:
 - Comercial e restauración-ocio (Máximo 12.000, mínimo 10.000 m²c)
 - Hoteleiro e/ou residencial comunitario (máximo 7.000 m²c)
 - Vivenda (Máximo 4.500, 45 vivendas)
 - Oficinas
 - Dotacional (asistencial, docente, sanitario, recreativo, sociocultural, deportivo)
 - Garaxe-aparcadoiro (mínimo 400 prazas)

- Para a ordenación do volume edificable, e delimitación dos espazos públicos de cesión, estarase ao definido no PERI-12, e ao Proxecto de compensación aprobado.

2. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DE MODIFICAR A ORDENACIÓN URBANÍSTICA VIXENTE

Na proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 5 de maio de 2017, explícanse as novas necesidades urbanísticas que aconsellan estudar as posibilidades de revisar a ordenación vixente na parcela, como deseguido se transcribe:

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) incorpora as determinacións dos instrumentos de planeamento aprobados con anterioridade no ámbito do PERI-12, ocupado polas antigas instalacións do Colexio Manuel Peleteiro, nas rúas de República Arxentina e de San Pedro de Mezonzo.

No momento en que se aprobaron os citados instrumentos de planeamento, nos anos 2003 e 2005, a Administración municipal estimou conveniente para revitalizar o Ensanche a implantación nesta zona dun centro de actividades múltiples, de uso predominantemente terciario e comercial, que favorecese a dinamización social e económica da zona.

No momento actual, sen embargo, cómpre considerar a presenza de centros comerciais noutras zonas máis periféricas da cidade (Cancelas, Área Central), e a necesidade de favorecer o pequeno comercio local no centro urbano.

Dende esta perspectiva, e aproveitando a experiencia desenvolvida noutras cidades, parece aconsellable substituír a idea dun gran centro comercial pola doutros formatos máis respectuosos coa estrutura comercial tradicional dos centros urbanos, na que o pequeno comercio poida convivir con outros contedores que actúen a modo de “locomotora” ou dinamizador da actividade comercial da zona.

Por outra banda, cómpre tamén reconsiderar a implantación dun volume menos agresivo e máis integrado ou coherente cos edificios xa existentes no contorno, de conformidade cos criterios que establece o artigo 104.1 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Ás razóns sinaladas, convén engadir outros argumentos, relacionados coa seguridade xurídica, xa que o Plan xeral vixente incorpora as determinacións dun planeamento que deveu xudicialmente anulado, se ben o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirmou a inexecutabilidade das sentenzas anulatorias e a vixencia do novo

planeamento “no anulado ni combatido que en principio supone la vigencia de las determinaciones que el mismo asume”.

Con todo, e considerando o tempo transcorrido dende a aprobación do planeamento incorporado, e a aparición de novas necesidades urbanísticas, parece conveniente que o planificador analice as diferentes posibilidades de ordenación do ámbito no novo marco xurídico-urbanístico e no actual contexto socioeconómico da cidade.

3. O IUS VARIANDI EN MATERIA DE PLANEAMENTO

A natureza normativa dos plans, por unha banda, e a necesidade de adaptalos ás esixencias cambiantes do interese público, por outra, xustifican plenamente o iusvariandi que se recoñece á administración en materia de planeamento (STS 20.01.92).

A administración urbanística competente, en virtude do carácter “dinámico” inherente á función regulamentaria e planificadora, non só poderá, senón que deberá exercitar esta facultade que a lei lle atribúe, cando novos criterios ou novas necesidades urbanísticas fagan necesaria ou axeitada a modificación do plan en vigor.

Así, a STS de 14.02.2007, indica que a revisión do planeamento constitúe, non só unha potestade, senón mesmo un verdadeiro deber administrativo cando as circunstancias concorrentes así o demanden en aras da mellor satisfacción dos intereses xerais. Así, a potestade de planeamento inclúe a da súa reforma, substitución ou modificación, para acomodalo ás esixencias do interese público, susceptibles de cambiar mesmo co só devir temporal.

No mesmo senso, a STSJ de Madrid nº 973/2013 afirma o deber da administración de realizar as modificacións que impoñan as necesidades urbanísticas creadas pola dinámica social no transcurso do tempo.

4. SUSPENSIÓN CAUTELAR DE LICENZAS

Os artigos 47.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 86.1 do seu Regulamento de desenvolvemento (Decreto 143/2016) habilitan expresamente a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e demolición para áreas ou usos determinados, cando se estea a estudar a formación ou a reforma do planeamento urbanístico.

Esta suspensión facultativa, de carácter previo ou cautelar, ten por finalidade asegurar a efectividade da futura ordenación urbanística, evitando a consolidación de

aproveitamentos que, sendo conformes co plan en vigor, poden devir incompatibles ou contrarios coa futura ordenación en proxecto.

A súa fundamentación baséase na protección do interese público ínsito no exercicio da potestade de planeamento, que aconsella impedir que se consoliden dereitos ao abeiro dunha norma en proceso de revisión.

La suspensión del otorgamiento de licencias es una medida legítima que protege la efectividad del planeamiento que se proyecta impidiendo que puedan producirse aprovechamientos del suelo que, siendo conformes con la ordenación en vigor, vayan a dificultar la realización efectiva del Plan futuro o su reforma. (STS do 12 de febreiro de 2002 RJ2002\1611).

De conformidade coa proposta do concelleiro delegado, a suspensión previa trae causa da necesidade de revisar a ordenación vixente no ámbito, co fin de dar resposta ás novas necesidades urbanísticas da zona, que demandan potenciar o comercio local fronte á implantación dun gran centro comercial, e manter, na medida da posible, a actual estrutura urbana da zona.

Con tal obxecto, e durante o período de estudo e elaboración da reforma, estímase necesario impedir cautelarmente a implantación do volume e do centro comercial previsto, cuxa consolidación pode chegar a frustrar a finalidade da reforma que se está a estudar, orientada a protexer e favorecer o comercio local e a actual trama urbana do Ensanche.

Polo tanto, a adopción da medida cautelar de suspensión previa ou facultativa xustifícase na conveniencia de evitar a consolidación dun volume e duns usos que poderían devir incompatibles coas novas necesidades urbanísticas e coa futura ordenación da zona, prevalecendo neste caso a protección do interese público que supón a reforma do planeamento urbanístico vixente coas anteditas finalidades.

4.1. Ámbito da suspensión

O ámbito territorial da suspensión reflíctese graficamente no plano anexo e correspóndese co ámbito do PERI-12, integrado polas seguintes parcelas catastrais:

- 7169317NH3476G0001JM
- 7169315NH3476G0001XM
- 7169316NH3476G0001IM

Dende o punto de vista material, o artigo 86.3 do RLSG concreta as actividades que poden ser obxecto de suspensión, indicando que esta non poderá afectar:

- a) Ás obras de mantemento, conservación e reforma,. Salvo no caso de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables á reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento do volume edificado.
- b) Ás licenzas de primeira ocupación.
- c) Aos proxectos que cumpran simultaneamente o instrumento de planeamento en vigor e a revisión ou modificación deste, sempre que esta fose aprobada inicialmente.
- d) Aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento.

4.2. Duración temporal

Segundo dispoñen os artigos 47.1 da LSG e 86.1 do RLSG, a suspensión facultativa terá unha duración máxima dun ano, sen prexuízo de que, unha vez adoptado o correspondente acordo de aprobación inicial do instrumento de planeamento, este determine ex lege unha suspensión automática por un prazo máximo de 2 anos.

Extinguidos os efectos da suspensión, non poderán acordarse novas suspensións no prazo de catro anos con idéntica finalidade.

4.3. Procedemento

O acordo de suspensión adoptarase polo órgano competente para aprobar inicialmente o Plan cuxa reforma se está a estudar, identificará tanto as áreas afectadas como as actuacións obxecto de suspensión, e haberá de publicarse no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión da provincia.

O órgano competente para adoptar neste caso o acordo de suspensión é o Pleno Municipal, posto que é este o órgano que ten atribuída a competencia para aprobar inicialmente calquera modificación do planeamento xeral (artigo 123.1.i) da LBRL)

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, sen prexuízo da notificación persoal que, de ser o caso, se practique a todos os peticionarios de licenzas afectadas, de conformidade co regulado polo artigo 87 do RLSG.

4.4. Proposta de acordo

En consecuencia, proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

De conformidade coa proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, e ao abeiro do que dispoñen os artigos 47.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento (Decreto 143/2016), e co fin de estudar a reforma das determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal no ámbito do PERI-12 (Colexio Manuel Peleteiro).

- Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición, no ámbito do PERI-12.

O ámbito territorial de suspensión reflíctese graficamente no plano anexo e correspóndese co do PERI-12, ocupado polas antigas instalacións do Colexio Manuel Peleteiro (con fronte ás rúas de República Arxentina e de San Pedro de Mezonzo), e integrado polas seguintes parcelas catastrais:

- 7169317NH3476G0001JM
- 7169315NH3476G0001XM
- 7169316NH3476G0001IM

A suspensión afectará:

1. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urxente.
2. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado.

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, e terá a duración de UN ANO, sen prexuízo da que resulte, de ser o caso, do acordo de aprobación inicial da reforma.

Dado o carácter normativo da suspensión, o acordo só resulta impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo máximo de dous meses contado a partires da publicación.

Do acordo adoptado darase traslado ao Servizo de Licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orden á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.”

Xa que logo, a vista do informe transcrito, máis co ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, medio ambiente, medio rural e servizos, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda, de conformidade coa proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, e ao abeiro do que dispoñen os artigos 47.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86.1 do seu Regulamento (Decreto 143/2016), e co fin de estudar a reforma das determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal no ámbito do PERI-12 (Colexio Manuel Peleteiro):

Suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición, no ámbito do PERI-12.

O ámbito territorial de suspensión reflíctese graficamente no plano anexo e correspóndese co do PERI-12, ocupado polas antigas instalacións do Colexio Manuel Peleteiro (con fronte ás rúas de República Arxentina e de San Pedro de Mezonzo), e integrado polas seguintes parcelas catastrais:

- 7169317NH3476G0001JM
- 7169315NH3476G0001XM
- 7169316NH3476G0001IM

A suspensión afectará:

1. Ás obras de nova edificación, así como ás de rehabilitación integral que resulten asimilables ás de reconstrución total do edificio, agás as de carácter urxente.
2. Ás obras de reforma que supoñan aumento do volume edificado.

A suspensión non impedirá a autorización de usos e obras provisionais nos termos do artigo 89 da LSG e 204 do seu Regulamento.

O acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A suspensión será efectiva a partires da súa publicación, e terá a duración dun ano, sen prexuízo da que resulte, de ser o caso, do acordo de aprobación inicial da reforma.

Dado o carácter normativo da suspensión, o acordo só resulta impugnabile mediante a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dentro do prazo máximo de dous meses contado a partires da publicación.

Do presente acordódarase traslado ao servizo de licenzas, para o seu coñecemento e efectos que procedan en orden á tramitación dos procedementos en curso e dos que se inicien con posterioridade á publicación do acordo de suspensión.

5. APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA AS ENERXÍAS SOSTIBLES (PAES).

A proposta do concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia sobre a aprobación do Plan de Acción para as Enerxías Sostibles (PAES), de data 1 de abril do corrente ano, ten o seguinte contido:

“I.- ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela aprobou a adhesión ao Pacto Local de Alcaldes polo clima, no pleno ordinario do 17 de marzo de 2016, mediante o cal adquiriu os seguintes compromisos:

- Elaborar un inventario de emisións de GEI (gases efecto invernadoiro) resultantes do consumo de enerxía no municipio de Santiago de Compostela.
- Redactar e enviar un Plan de Acción para as enerxías sostibles (PAES) 2030, dentro dos dous anos seguintes á aprobación da adhesión.
- Redactar e enviar os informes de progreso polo menos cada dous anos a partir do envío do PAES 2030, co propósito da súa avaliación, monitorización e verificación.

II.- CONSIDERACIÓNS ECONÓMICAS

Nun plan cun horizonte ata 2030, unha estimación económica honesta non pode ser máis que unha aproximación á realidade do verdadeiro custo final da implementación. Polo tanto, esta proposta PAES 2030 non supón gasto ou compromiso orzamentario.

Tal e como explica con máis detalle o PAES, o orzamento xeral basearase nos propios recursos recorrentes do municipio, na priorización eficiente da capacidade de endebedamento, na reorientación de políticas públicas que incentiven a redución das emisións, na promoción de actividade económica circular e na búsqueda de fontes de financiación externas para cidadanía e empresas privadas.

II.- PROPOSTA.

Remítase o PAES 2030, á comisión de medio ambiente como paso previo para elevalo ao pleno, e aprobación no seu caso.”

Xa que logo, vista a proposta transcrita e o ditame favorable emitido pola Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos, correspondente a súa sesión do día 11 de maio de 2017, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), acorda aprobar o Plan de acción para as enerxías sostibles (PAES), que acompaña ao expediente.

6. APROBACIÓN INICIAL DA PROPOSTA DE ASUNCIÓN DIRECTA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ORA E GUINDASTRE A TRAVÉS DA SOCIEDADE MERCANTIL MUNICIPAL TUSSA.

A proposta da Alcaldía en relación ao devandito expediente de data 8 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“MODIFICACIÓN DA PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA APROBAR A ASUNCIÓN DIRECTA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ORA E GUINDASTRE A TRAVÉS DA SOCIEDADE MERCANTIL MUNICIPAL TUSSA

ANTECEDENTES

1. A Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG ditou sentenza o 24.09.2016, no recurso nº 171/2012 procedente do Xulgado desa xurisdición nº 2 de Santiago, que anula o acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello do 16.01.2012 polo que lle adxudicaba á sociedade mercantil “SetexAparki, SA” -en diante, Setex- o contrato de xestión mediante concesión dos denominados servizos públicos de ORA e do guindastre, por incumprir a cláusula 10.7 do prego de prescricións técnicas -tocante á disposición dunhas instalacións para depósito de automóbiles cunha superficie mínima de 3.000 m2 no radio de 1 km do núcleo urbano de Santiago.

2. Á vista desa sentenza firme, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 30.10.2015, consonte os informes da asesoría xurídica municipal, da xefa do servizo de contratación e da intervención municipal, decidiu executala, declarar a nulidade da adxudicación do contrato, dispoñer que se realizasen as operacións tendentes á súa liquidación e -para evitar graves prexuízos aos intereses públicos- ordenar a continuidade dos efectos do contrato por un período inicial de tres meses, prazo no que a Corporación adoptaría a decisión acaída sobre a xestión dos servizos. A continuidade dos efectos do contrato prorrogouse posteriormente ata o 30 de xaneiro de 2017.

Ese acordo do 30.10.2015 expoñía que o contrato xa estaba executado con suxeición á oferta de Setex en máis dun 50%, que os estudos económicos e técnicos preparatorios da licitación foron elaborados en 2010 e 2011 e as ofertas dos licitadores en 2011 para un período concreto -de 5 anos- que estaba a piques de concluír. Tamén sinalaba que, consonte o artigo 35 da LCSP, a nulidade do contrato leva á súa liquidación coa conseguinte obrigación para os contratantes de restituírense as cousas que reciben en virtude del e, se isto non fose posible, coa devolución do seu valor, sen prexuízo de que a parte que fose culpable da nulidade debe indemnizarlle á outra os danos e perdas que esta sufrise. Con relación a isto, a resolución municipal considera que a Corporación é a parte prexudicada e, finalmente, entende que a liquidación do contrato esixe unha auditoría da xestión.

3. O Consello de Administración da empresa pública municipal TUSSA, na reunión do 11.01.2016, propúxolle á xunta xeral da entidade a modificación dos seus estatutos coa finalidade de ampliar o obxecto social aos servizos da ORA e guindastre, proposta que aprobou a citada xunta na sesión do 21.01.2016.

4. No mes de maio de 2016, incorporáronse ao expediente un informe que elaborou a empresa Faura-Casas sobre “Análise dos custos efectivos, da situación económico-financeira e das estimacións futuras do contrato de xestión dos servizos de ORA e guindastre”, encargado por TUSSA, e outro “sobre cuestións de persoal derivadas da posible remunicipalización dos servizos de guindastre e ORA” elaborado polo director da área de persoal.

Á vista deles, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 20.05.2016, solicitoulle a TUSSA que se pronunciase sobre a viabilidade da encomenda de xestión directa dos anteditos servizos, sen prexuízo da concreción posterior das condicións económicas e xurídicas do encargo e do que, en definitiva, resolvese o Pleno da Corporación.

En xuntanzas de traballo posteriores xurdiron dúbidas sobre outras cuestións que suscitaba a liquidación do contrato, polo que o director da Asesoría xurídica municipal elaborou outro informe o 30.08.2016 sobre a reversión das instalacións da concesión ao Concello e o seu alcance; e sobre a relevancia que a nulidade e conseguinte liquidación do contrato con Setex poida ter sobre esa reversión.

5. O director-xerente de TUSSA emitiu o seu informe sobre a viabilidade da xestión directa do servizo con data 5.09.2016, documento aprobado polo Consello de Administración da entidade o 8.09.2016 e do que tivo coñecemento a Xunta de Goberno na sesión do 7.10.2016. E o 11.10.2016, a empresa consultora “Faura-Casas. Auditors-Consultors” remitiu o informe económico sobre a liquidación do contrato con Setex.

6. Os artigos 97 do Texto refundido de réxime local (Rdlex. 781/1986, do 18 de abril) e 309 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que o exercicio de actividades económicas por parte das entidades locais requirirá un expediente previo no que se xustifique a conveniencia e oportunidade da iniciativa pública e que para adoptar esa iniciativa será necesario: a) o acordo inicial da Corporación, trala designación dunha comisión de estudo composta por membros dela e por persoal técnico; b) a redacción por esa comisión dunha memoria referente aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade de que se trate e na que se determinará a forma de xestión entre as previstas pola lei, así como os casos nos que deberá cesar a actividade; c) a toma en consideración por parte do Pleno da antedita memoria e a súa exposición ao público por un período mínimo de trinta días, durante o que se poderán presentar suxestións ou alegacións; e d) a aprobación final da iniciativa polo Pleno da Corporación.

Pola súa parte, o artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece que os servizos públicos locais haberán de xestionarse da forma máis sustentable e eficiente entre as que enumera, e que cando se pretenda a xestión directa a través dunha entidade pública empresarial ou dunha sociedade mercantil municipal cuxo capital sexa de titularidade pública deberá quedar acreditado.

“... mediante memoria xustificativa elaborada para o efecto que resultan máis sustentables e eficientes que as formas dispostas nas letras a) e b) -xestión pola propia entidade ou organismo autónomo-, para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido que se elevará ao Pleno para a súa aprobación onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. Para estes efectos, recabarase informe do interventor local quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas plantexadas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

7. O Pleno da Corporación aprobou na súa sesión ordinaria do 15.12.2016 a proposta do alcalde para “iniciar o procedemento de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre a través da sociedade mercantil municipal TUSSA” e a constitución da comisión técnica á que se refiren os artigos 97 do TRRL e 309 da LALG co fin de elaborar a memoria prevista nesas disposicións.

8. A comisión técnica constituíuse o día 26.12.2016 e reuniuse os días 23.03.2016 e 07.04.2017, sesións nas que se debateron diversos borradores da memoria e os documentos e informes que se incorporaron a ela, así como as suxestións e alegacións que formularon os asistentes. Os traballos déronse por rematados na reunión do 10.04.2017 co resultado que consta na propia memoria e nas actas da comisión.

9. Con data 31.01.2017, o xulgado comunícalle ao Concello que Doal promoveu incidente de execución forzosa da sentenza ditada no proceso citado anteriormente e requiriu informe da situación dos servizos. Posteriormente, con data 7.03.2017, solicitou ampliación do antedito informe (na reunión da comisión técnica do 10.04.2017, o Sr. alcalde informou da existencia do incidente e da súa relevancia para a resolución do expediente). Finalmente, por providencia do 26.04.2017, o xulgado concedeu un prazo común de 10 días para que as partes alegasen antes de resolver, decisión que nestes momentos está pendente. Isto motiva que se modifique a proposta orixinaria do 11.04.2017 para adaptala ás circunstancias actuais.

PROPOSTA:

Polo exposto, de conformidade coas normas xurídicas anteditas, propóñolle ao Pleno da Corporación que adopte o acordo cos seguintes puntos:

1º. Aprobar inicialmente a toma en consideración da memoria técnica elaborada pola comisión de estudo constituída en cumprimento do acordo plenario do 15.12.2016 para a asunción directa da xestión dos servizos da ORA e do guindastre a través da sociedade mercantil municipal TUSSA.

2º. Expor ao público o expediente durante un prazo de trinta días naturais, contado desde que se publique o anuncio no Boletín oficial da provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas.

3º. A decisión definitiva sobre a resolución das suxestións e reclamacións e, se o caso, sobre a asunción da xestión directa dos servizos da ORA e do guindastre a través de TUSSA adoptarase trala resolución que dite o xulgado no incidente de execución de sentenza aludido no antecedente 9 e en coherencia co seu contido.”

Consta no expediente, memoria xustificativa elaborada pola Comisión Técnica constituída en base ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do día 15 de decembro de 2016.

Figuran, así mesmo, no expediente os seguintes informes:

- Do director da asesoría xurídica sobre cuestións de persoal derivadas da posible remunicipalización dos servizos do guindastre e da ORA de maio de 2016, e sobre diversas cuestións derivadas da liquidación do contrato de xestión dos servizos públicos do guindastre e ORA, de data 30 de agosto de 2016.

-Da xefatura do servizo de persoal sobre posibilidade de integración de persoal adscrito ao servizo de guindastre e ORA na estrutura do concello de data 27 de febreiro de 2017 e sobre o custo económico da devandita integración de data 4 de abril de 2017.

- De intervención de data 8 de maio (núm. 223/2017) e outro aclaratorio do anterior de data 9 de maio do corrente ano.

- Do vicesecretario do concello de datas 5 de maio e un complementario do anterior de 9 de maio de 2017.

Xa que logo, vista a proposta da Alcaldía e demais documentación que obra no expediente, e de conformidade co ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria de 11 de maio do corrente ano, o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG), 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 3 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1º. Aprobar inicialmente a toma en consideración da memoria técnica elaborada pola Comisión de estudo constituída en cumprimento do acordo plenario de 15 de decembro de 2016, para a asunción directa da xestión dos servizos da ORA e do guindastre, a través da sociedade mercantil municipal TUSSA.

2º. Expoñer ao público o expediente durante un prazo de trinta días naturais, contando dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as suxestións e reclamacións que xulguen oportunas.

3º. A decisión definitiva sobre a resolución das suxestións e reclamacións e, de ser o caso, sobre a asunción directa dos servizos da ORA e do guindastre a través da empresa municipal de transporte urbano, TUSSA adoptarase tras a resolución que dite o Xulgado no incidente de execución de sentenza 564/2015 do contencioso administrativo do TSXG aludido no antecedente 9 e, en coherencia co seu contido.

Antes de pasar ao seguinte punto da orde do día, faise un receso de 15 minutos (de 19:45 a 20:00 horas).

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA A REDACCIÓN DUN PLAN DE ORDENACIÓN E USO PÚBLICO DA FINCA DO VIVEIRO DE LAMAS DE ABADE E REHABILITACIÓN DOS EDIFICIOS.

O contido da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data 2 de maio de 2017, número de rexistro 160, é o que se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de Lamas de Abade, pertencente á parroquia do Castiñeiriño e encadrada nunha área con gran implantación educativa, atópase unha finca municipal cunha superficie duns 15.000 metros cadrados, que é unha gran descoñecida para boa parte da veciñanza de Santiago, a pesar da súa importancia ambiental, histórica e artística.

Un terreo municipal que pasou a ser propiedade do Concello a finais dos anos 60 do pasado século e que desde hai moios anos vén sendo empregado preferentemente como viveiro de plantas e árbores -un dos poucos de titularidade pública existentes en Galicia- para fornecer en exclusiva a demanda das zonas verdes e dos parques públicos do termo municipal. A súa actividade foi medrando a medida que se incrementaban as superficies de lecer habilitadas, ata que o servizo de mantemento de parques e xardíns se externalizou hai unhas dúas décadas. Desde entón, a actividade do viveiro de Lamas de Abade foi devecendo en gran medida, como o denota o estado dalgúns elementos das súas instalacións, aínda que sen cesar por completo na súa dedicación, antano máis orientada ao cultivo a gran escala -recibindo tamén os abetos de Nadal antes da moda do sintético- e agora máis especializada nos coidados de especies danadas, que se van recuperando á beira das moitas árbores, acivros, camelias e outras plantas que alí se manteñen.

Na actualidade, ademais de seguir co cultivo en parte da súa superficie e de servir de depósito para moitos e variados materiais que se poden albiscar (palés de madeira, macetas sen uso, pezas retiradas de parques infantís ou ferranchos e elementos pétreos de distinta procedencia), a finca alberga no seu interior varias construcións de interese. Algunhas delas foron obxecto de elementais traballos de mantemento hai anos, a través de programas de emprego dos que quedan como testemuñas os módulos prefabricados existentes. Pero todas elas agardan por unha atención e unha rehabilitación integral que lles devolvan o seu pasado esplendor.

Entre as construcións destaca o conxunto formado por capela, pazo, hórreo e o pombal, así como o cruceiro situado hoxe na encrucillada das inmediacións, que, a xulgar pola figura da virxe do seu reverso que coincide coa advocación da capela, debeu ser trasladado do máis inmediato contorno desta finca en época relativamente recente, coincidindo coa urbanización da zona.

A capela está dedicada á Divina Pastora, que lle dá nome á rúa que discorre por diante da súa fachada. Permanece totalmente pechada e as silvas inzan polo cancelo e o valo de forxa do seu acceso. Segundo se pode ler nunha gran inscrición sobre a portada, a construción foi rematada en 1828, por mandado do coengocardenalicio da Catedral de Santiago, Manuel Ventura de Fraga e Varela, que participou na Guerra da Independencia sendo distinguido por ese motivo polo rei Fernando VII.

O pazo, moi probablemente vinculado tamén no seu día ao citado coengo, foi -como se sinalou- obxecto dalgúns traballos básicos, quizais sen o desexable rigor, para asegurar o seu tellado e a súa estrutura, pero a xulgar polas fiestras tapiadas a súa utilidade a día de hoxe debe ser escasa, a pesar das posibilidades que ofrece o tamaño do edificio e as súas axeitadas proporcións. Ao seu carón, outras edificacións de menor entidade apenas manteñen en pé as pedras das súas paredes, ofrecendo unha imaxe de total abandono á beira da estrada e do veciño campo de fútbol “Paz Nogueira”.

Xunto á capela, o pazo e as construcións anexas, mantense un singular exemplar de hórreo de gran tamaño e de coidada cantería, xunto cun pombal e un peche de pedra en parte do seu perímetro, que conforman un conxunto digno de rehabilitación e de goce por parte da cidadanía e, en particular, da veciñanza do lugar de Lamas de Abade e do Castiñeiriño, que nos ten feito chegar o seu interese por este patrimonio municipal.

A proximidade de varios centros educativos engádelle outro aspecto de gran interese á ordenación e posta en valor desta propiedade, posto que podería actuar –ao parecer xa ten feito nalgúns ocasións acordadas- como un espazo de acceso público para a divulgación de coñecementos e valores botánicos ou ambientais, partindo duns coidados xardíns, viveiros e árbores, ademais de achegar un fermoso lugar para o lecer e a convivencia que potenciara o contorno tan especial inmediato.

A maiores, ao outro lado da rúa da Divina Pastora, existe outro terreo municipal a monte -literal e figuradamente- que se localiza tamén á beira da estrada que comunica Lamas de Abade coa zona de Sar, entre a finca principal, o instituto de ensino medio e a escola infantil. Un terreo duns 5.000 metros cadrados que sería conveniente rozar e recuperar tamén como unha acción complementaria, pola súa proximidade e porque conserva tamén árbores de gran porte e mesmo una mina de auga, hoxe inutilizada.

Conforme ao sinalado e na procura de levar a cabo un proxecto realista e asumible, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a redactar un plan de ordenación e usos da finca de Lamas de Abade que se dedica hoxe a viveiro e almacén municipal, para a súa posta en valor e apertura ao público e para iniciar un programa de rehabilitación por fases do seu patrimonio arquitectónico, solicitando para iso a colaboración de organismos e entidades públicas, nomeadamente o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, instar ao correspondente órgano do goberno local a redactar un plan de ordenación e usos da finca de Lamas de Abade que se dedica hoxe a viveiro e almacén municipal, para a súa posta en valor e apertura ao público e para iniciar un programa de rehabilitación por fases do seu patrimonio arquitectónico, solicitando para iso a colaboración de organismos e entidades públicas, nomeadamente o Consorcio de Santiago, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, EN RELACIÓN AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

A proposición do epígrafe con data de rexistro de entrada do día 8 de maio de 2017, núm. 165, ten o seguinte contido:

“O servizo de Axuda no Fogar é unha prestación destinada a facilitar o desenvolvemento ou mantemento da autonomía persoal, previr o deterioro individual ou social e promover condicións favorables nas relacións familiares e de convivencia, contribuíndo á integración e permanencia das persoas na súa contorna habitual de vida, mediante a adecuada intervención, xunto con apoios de tipo persoal, socio-educativo, doméstico e/ou social.

A Axuda no Fogar, segundo se precise en cada caso, ofrece apoios de carácter doméstico: limpeza da casa, lavado e planchado de roupa, preparación de comidas, así como outras atencións dirixidas ao coidado e hixiene persoal, pero tamén lle facilita ao usuario a mobilidade na vivenda e fóra dela: prestar compañía, asesoramento puntual para o desenvolvemento de capacidades persoais e de hábito de vida adecuados, etc.

A persoa beneficiaria aporta unha cota en función da súa capacidade económica. O servizo de axuda no fogar, conforme ás esixencias de atención que se requiran en cada caso, poderá ter os seguintes contidos:

1. Atencións de carácter persoal: a) Hixiene, aseo e vestido; b) Axuda á mobilidade dentro do domicilio; c) Seguimento da medicación e alimentación; d) Axuda na inxesta de alimentos; e) Compañía e atencións no domicilio.

2. Atencións de carácter doméstico: a) Limpeza e orde do domicilio; b) Lavado e planchado de roupa; c) Adquisición e preparación de alimentos.

3. De relación coa contorna: a) Acompañamento e realización no seu caso de xestións fóra do fogar; b) Axuda á mobilidade externa que garanta a atención e integración na súa contorna habitual e a mobilización na contorna; c) Apoio dirixido a facilitar a participación en actividades comunitarias e de relación familiar ou social, con acompañamento a actividades sociais.

4. De descanso familiar: Facilitar o descanso das persoas cuidadoras.

5. Educativas e de orientación: a) Atención social en situacións de conflito convivencial e desestructuración familiar, así como apoio ás relacións intrafamiliares conformación en relacións persoais e familiares; b) Apoio socioeducativo para estimular a autonomía e independencia: Formación en habilidades domésticas e en actividades relacionadas coa saúde e hixiene.

No exercicio de execución do contrato administrativo de prestación do servizo de axuda no fogar, durante o segundo semestre de 2015 produciuse un importante incremento na demanda. Este incremento veu dado coa entrada en vigor do recoñecemento de prestacións e servizos para as persoas cun mesmo grao de valoración, equiparándolles o recoñecemento ao mesmo grao de intensidade do servizo a partir de xullo de 2015, e producindo o conseguinte incremento no número de solicitudes de valoración de dependencia e solicitudes de revisión de grao, o que supuxo tamén un aumento nas solicitudes do servizo público de axuda no fogar e de aumento de intensidade nos casos que xa o tiñan concedido, ao recoñecerlles maior grao de dependencia.

Isto conlevou unha minoración do orzamento do contrato para as anualidades 2016 e 2017 e un incremento da lista de agarda de usuarios do servizo. Posteriormente, tivo lugar un incremento no número de horas financiadas pola Xunta de Galicia, que só puido absorberse en parte modificando o contrato sen superar o limitado 10% do orzamento, o problema é que o contrato non contemplaba a posibilidade de ampliación para atender as necesidades das persoas en lista de agarda.

Unha vez máis, o goberno municipal chega tarde para convocar un concurso público para un novo contrato de prestación de servizos, o actual finalizou o 31 de abril de 2017 e ademais non se tivo en conta a posible aplicación do artigo 10 da Ordenanza Municipal Reguladora que diferencia entre os usuarios de acceso directo, que son prioritarios, e os de acceso por libre concorrencia, existindo a posibilidade de convocar un contrato en paralelo para atender ás persoas de acceso por esta última modalidade.

Tendo en conta todo o exposto, así como o acordo de orzamentos acordado entre Compostela Aberta e o PSdeG-PSOE para o 2017 que contempla a eliminación da lista de agarda do servizo de Axuda no Fogar, é pólo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

-Instar ao Goberno Municipal a adoptar as medidas organizativas, contractuais e de modificación orzamentaria necesarias para o cumprimento inmediato do compromiso de eliminar a lista de agarda coa incorporación dos usuarios que o necesiten no servizo de Axuda no Fogar.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as, acorda instar ao goberno municipal a adoptar as medidas organizativas, contractuais e de modificación orzamentaria necesarias para o cumprimento inmediato do compromiso de eliminar a lista de agarda coa incorporación dos usuarios que o necesiten no servizo de Axuda no Fogar.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellaría delegadas, do 29 de marzo ao 27 de abril de 2017 (núms. 1868 ao 2655).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

Acta sesión extraordinaria urxente do día 31 de marzo de 2017 (Núm. 19).
Acta sesión ordinaria do día 7 de abril de 2017 (Núm. 20).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 10 de abril de 2017 (Núm. 21).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 12 de abril de 2017 (Núm. 22).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 12 de abril de 2017 (Núm. 23).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 19 de abril de 2017 (Núm. 24).
Acta sesión ordinaria do día 21 de abril de 2017 (Núm. 25).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 21 de abril de 2017 (Núm. 26).
Acta sesión ordinaria do día 28 de abril de 2017 (Núm. 27).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 28 de abril de 2017 (Núm. 28).

10. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE COMPARECENCIA DA CONCELEIRA DELEGADA DE EMPREGO.

Visto o escrito presentado polo grupo municipal Socialista con data 11 de maio do corrente ano, número de rexistro 181, solicitando a comparecencia da concelleira

delegada de emprego, coa aceptación expresa do Sr. Alcalde e coa anuencia do resto de membros da Corporación, acéptase a comparecencia para a vindeira sesión plenaria ordinaria.

Auséntase a concelleira Dona Branca Petra Novo Rey, e xa non se reincorpora á sesión.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 167.
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 168.
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 169.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 170.
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 171.
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 172.

PREGUNTAS RESPOSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de maio de 2017, núm. 164.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 173.
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 174.
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 175.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 176.
- 2.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 177.

PREGUNTAS RESPOSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 2 de maio de 2017, núm. 159.
- 2.- Rexistro de entrada do día 5 de maio de 2017, núm. 161.
- 3.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 178.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.-

ROGO:

1.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 179.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

1.- Rexistro de entrada do día 8 de maio de 2017, núm. 166.

2.- Rexistro de entrada do día 9 de maio de 2017, núm. 180.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdeG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 147, para a separación das funcións de contabilidade e fiscalización da intervención xeral do Concello de Santiago

EXPÓN:

A función interventora é un control previo, co alcance e contido do art. 214 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, debendo ter en conta que o art. 219.1 do precitado texto legal establece unha serie de actos non suxeitos á devandita fiscalización sistemas de fiscalización limitada en gastos, e en ingresos con toma de razón.

De acordo con esta fiscalización limitada previa, o parágrafo terceiro do precitado art. 219 TRLHL, sinala a necesidade de levar a cabo unha fiscalización plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización limitada, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, coa fin de verificar o seu axuste ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, debendo emitirse informe escrito expreso sobre as conclusións ou observacións que das devanditas verificacións se poidan desprender.

Nas Bases de Execución dos Orzamentos do Concello para 2017, ampliáanse os supostos de fiscalización limitada previa das Bases de execución preexistentes, ata engadir a práctica totalidade dos gastos do concello.

Corresponde á Intervención das Entidades locais a levanza e o desenvolvemento da contabilidade financeira e o seguimento, en termos financeiros, da execución dos orzamentos, de acordo co artigo 204 do TRLRHL. Esta atribución normativa á Intervención, encargada á súa vez do control interno e da fiscalización da xestión económica, dá lugar a que non exista unha adecuada segregación de funcións.

Nos municipios de gran dimensión este problema abórdouse coa Lei 53/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, mediante a separación das funcións de contabilidade e de fiscalización. Así, os concellos cuxo réxime de organización sexan o establecido no Título X da LRBRL, deben adecuar a súa xestión económico-financeira aos criterios establecidos no artigo 133 deste texto legal, que é do seguinte tenor literal: “A xestión económico-financeira axustarase aos seguintes criterios: b. Separación das funcións de contabilidade e de fiscalización da xestión económico-financeira”.

Ademais, regulamentariamente permítese, segundo establécese no artigo 2.f) do RD 1732/1994, do 29 de xullo, de provisión de postos de traballo, a atribución da responsabilidade administrativa da función de contabilidade a membro ou funcionario da mesma sen necesidade de que teña habilitación de carácter nacional.

Por iso, propónse ao Pleno para a súa aprobación a seguinte

MOCIÓN:

Que o Goberno do Concello de Santiago de Compostela proceda á segregación das funcións de contabilidade e de fiscalización da Intervención Xeral do Concello de Santiago de Compostela de acordo á lexislación citada no texto desta moción.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PARTIDO POPULAR.-

1.- Rexistro de entrada do día 24 de abril de 2017, núm. 150, sobre a incorporación da información das liñas de transporte urbano en tempo real na plataforma Google Maps e noutras aplicacións gratuítas semellantes.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A utilización do transporte público e a extensión do seu uso entre a poboación ten moito que ver coa adecuación do servizo ás necesidades das persoas potencialmente usuarias, cunha tarifas axustadas ás distintas circunstancias e tamén coas facilidades de acceso a unha información puntual, detallada e eficaz, que permita coñecer a comodidade e a rendibilidade social que ofrecen os desprazamentos en medios colectivos.

Nos últimos anos, por parte do Concello de Santiago e da empresa pública Tussa téñense dado pasos moi importantes en todas esas vertentes, fundamentalmente na que fai referencia á información das liñas, tanto a través das paradas -coa incorporación de

postes informativos con pantallas que informan da situación dos autobuses en tempo real- como a través de medios informáticos, coa aplicación “+Bus” que permite acceder a eses datos en tempo real a través dos terminais móbiles.

Todos estes avances están a incidir nunha mellora na percepción do servizo por parte das persoas usuarias e contribúen a popularizar o uso do transporte urbano, de forma especial entre a xente nova, co que iso supón de garantía para a extensión e universalización deste medio de transporte.

Hai aproximadamente unha década, a compañía Google –onde se integra Google Maps, o sitio de mapas con maior cobertura do mundo- incorporou á súa actividade un novo servizo gratuíto para informar das posibilidades de transporte público en determinadas áreas, contribuíndo a mellorar o tránsito nas grandes cidades. Activada inicialmente en seis capitais mundiais, entre elas Madrid, a aplicación permite constatar sobre os mapas de cada unha das cidades as liñas das respectivas empresas municipais de transporte, podendo ver en tempo real os datos ofrecidos para o servizo de autobuses públicos (e mesmo de empresas privadas), coa información sobre os traxectos, os tempos de chegada ou os posibles transbordos para trasladarse dun punto a outro.

Deste xeito, a través dun dispositivo electrónico a veciñanza ou os turistas que desexen moverse entre distintos puntos da cidade terán á súa disposición as posibilidades de viaxe, os tempos de saída ou chegada ou as posibles incidencias para poder desprazarse usando a rede de transporte pública.

Para ese fin, as empresas ou as entidades que prestan os servizos de transporte deben poñer a disposición desta compañía os arquivos coa información dispoñible, tanto estática como en tempo real, para que esta información se poida facer visible na consulta dos mapas e na planificación das viaxes que se poidan facer a través do servidor de Google Maps. A integración dos datos e a súa consulta non supoñen ningún custo nin para quen presta o servizo de transporte nin para quen accede á información, polo que entendemos que se trata dunha colaboración beneficiosa para a prestación deste servizo público.

Na actualidade, esta concreta utilidade -denominada Google Transit- xa está operativa en algunhas das principais cidades españolas, que teñen iniciado a súa colaboración con esta compañía, aínda que -segundo os datos que dispoñemos- en Galicia unicamente se ofrece esta información na Coruña, ao terse adherido como entidade colaboradora a Compañía de Tranvías de La Coruña, S.A., concesionaria do servizo municipal naquela cidade.

Con semellante finalidade operan outras aplicacións gratúitas moi estendidas a nivel internacional -como a denominada Moovit, que na actualidades ofrece información

sobre preto de medio cento de cidades españolas, entre elas as galegas de A Coruña, Ferrol e Vigo- nas que tamén sería conveniente procurar a presenza das liñas de autobuses da nosa cidade.

Desde o Grupo Municipal Popular entendemos que a incorporación do servizo público do transporte urbano de Santiago a estas utilidades reportaría claros beneficios, sen custo ningún, para a veciñanza e as persoas que nos visiten, podendo ofrecer tanto información estática sobre as liñas, como información en tempo real, no caso de compartir a través desta canle de acceso mundial a información que xa se está a dar mediante a aplicación “Máis Bus”, posta en servizo no mandato anterior para informar en tempo real das liñas e dos tempos de chegadas dos autobuses.

Tendo en conta o que antecede, o Grupo Popular presenta no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que promova o inicio dos trámites necesarios para que se inclúa, de forma gratuíta, a información estática e en tempo real do servizo público de transporte de viaxeiros municipal de Santiago de Compostela na plataforma Google Maps -así como noutras plataformas gratúitas semellantes de cobertura mundial, como Moovit- coa finalidade de ampliar e mellorar o servizo existente, así como promover a difusión, uso e extensión do transporte público entre a cidadanía.

2.- Rexistro de entrada do día 5 de maio de 2017, núm. 163, sobre a implantación dun bonotaxi para persoas con discapacidade e o estudo de axudas para transporte á demanda.

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas as persoas que no seu día a día se atopan con dificultades especiais para a súa mobilidade por estar afectadas dalgún tipo de discapacidade que lles impide acceder aos transportes públicos colectivos.

O Grupo Municipal Popular é consciente desa situación e por iso no programa co que concorremos ás pasadas eleccións municipais incluimos expresamente no apartado de transporte público o compromiso da alternativa dun bonotaxi para persoas con mobilidade reducida, como unha medida complementaria das actuacións urbanísticas e

de supresión das barreiras existentes. Tratábase así de responder ás demandas tanto das persoas afectadas por esta problemática e das entidades representativas, como do sector do taxi que viña mostrando o seu interese por desenvolver esta actividade.

Non se trata dunha medida experimental, posto que a súa eficacia xa está a ser contrastada noutros concellos galegos, desde hai varios anos, como acontece nos da Coruña, Vigo, Ferrol ou Cambre. E tampouco significa en si mesma un gran esforzo económico, se temos en conta que –segundo as nosas informacións- a contía máxima que veñen destinando estes concellos flutúa entre os 10.000 e os 125.000 euros anuais, unha cantidade que, a teor das disponibilidades económicas municipais en materia de servizos sociais, resultaría perfectamente asumible para este Concello.

En todo caso, lóxicamente, a contía e a eficacia desta medida dependerá dos requisitos concretos que se establezan nas correspondentes bases da convocatoria que deberán rexer estas axudas. Unha axudas que entendemos deberán estar dirixidas a persoas con discapacidade recoñecida pola administración competente que lles supoña unha afección importante para acceder aos transportes públicos colectivos que lles resulten necesarios para os seus desprazamentos.

Deste xeito, poderíanse beneficiar deste medida, en primeiro lugar, todas aquelas persoas afectadas por unha discapacidade recoñecida (física, sensorial ou intelectual) e, en segundo lugar o colectivo de taxistas. Aínda que calquera vehículo puidera prestar este servizo a moitas das persoas beneficiarias, sería conveniente incrementar o número de taxis especialmente adaptados, os denominados “eurotaxis”, para asegurar unha mellor resposta á futura demanda, habida conta de que entre os aproximadamente 150 taxis que existen na cidade, apenas un 4% responden a esa cualificación de vehículos con especiais medidas de accesibilidade.

En consonancia con esta medida -e centrada tamén no sector do taxi- tamén propoñemos abordar a posibilidade de articular unha liña de axudas para implantar outro bono de carácter social, dirixido a mellora a accesibilidade en determinadas zonas, tendo en conta tamén a renda dos usuarios. Sería unha alternativa de transporte á demanda que podería resultar viable e sostible para a administración local naquelas áreas onde non existe un suficiente servizo de transporte público colectivo.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Logo dos trámites necesarios, proceda a implantar un bonotaxi, destinado a persoas que pola súa discapacidade non poidan facer uso de transporte público colectivo e requiran dese medio para os seus desprazamentos; promovendo a ampliación dos taxis especialmente adaptados para este fin.
2. Que de forma simultánea estude a posibilidade de articular unha axuda, en función da renda, para mellorar a accesibilidade das persoas naquelas zonas con baixa cobertura do transporte urbano colectivo, promovendo o uso do taxi como un transporte alternativo á demanda.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA.-

1.- Rexistro de entrada do día 5 de maio de 2017, núm. 162, en apoio ás persoas con diversidade sexual e de rexeitamento a transfobia.

Manuel Díos Diz, Concelleiro de Educación e Cidadanía, Marta Lois González, Concelleira de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo, e Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presentan ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de maio, a entidade integrista e ultraconservadora Hazte Oír fixo circular polas rúas de Santiago de Compostela un autobús co cal pretendía “denunciar as leis de adoutramento sexual” que “afectan á intimidade e ao desenvolvemento dos menores”, así como a “imposición por lei dun modelo de educación sexual baseado na ideoloxía de xénero”.

En concreto, no caso galego refírese á Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Unha lei que, se ben é mellorable, foi a primeira norma autonómica en ofrecer unha mínima regulación contra os actos discriminatorios por razón da orientación das persoas non heterosexuais.

Esta mesma entidade, que se define a si mesma como “defensora dun país -e un mundo- onde se respecta e promove a dignidade dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais” e “preocupada polos dereitos da infancia”, considera que unha norma que desenvolve o principio constitucional básico da igualdade e non discriminación, “busca influír e confundir sobre a ideoloxía de xénero”, e provoca “adoutramento sexual nas aulas”.

A propia Lei 2/2014, na súa exposición de motivos, recolle referencias ao artigo 14 da CE; á xurisprudencia do Tribunal Constitucional; ao Estatuto de Autonomía de Galicia; á Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea; á resolución do 8 de febreiro do Parlamento Europeo sobre igualdade de dereitos con independencia da orientación sexual das persoas; á Declaración Universal dos Dereitos Humanos e á resolución en recoñecemento dos dereitos do colectivo LGTB da ONU; e á lexislación internacional sobre dereitos humanos; como fundamentos legais da igualdade entre as persoas, e en contra de calquera discriminación, nomeadamente pola súa identidade sexual.

Desde o máximo dereito á liberdade de expresión, o certo é que os poderes públicos non poden permanecer alleos ou impasibles ante os ataques contra os dereitos individuais das persoas, que como no caso do autobús de Hazte Oír, inclúen un carácter de discriminación pola orientación ou a identidade sexual das mesmas.

Tanto a Constitución Española, no seu artigo 9.2, como o Estatuto de Autonomía de Galicia, afirman que “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais”. O camiño para isto debe ser a ampliación de dereitos da cidadanía, non o seu recorte por razóns relixiosas e a imposición de valores privativos.

Os antecedentes descritos recomendan a redacción da presente moción e a aprobación dos seguintes Acordos por parte do Pleno municipal:

ACORDOS:

1.- O Pleno da Corporación Municipal de Santiago de Compostela manifesta o seu rexeitamento á campaña da entidade Hazte Oír contra un suposto “adoutramento sexual”, por considerar que atenta contra a igualdade efectiva e os dereitos das persoas

LGTBIQ+, promovendo a discriminación e marxinación social das persoas que integran este colectivo.

2.- Solicitar ao Goberno español para que realice as actuacións que sexan necesarias para retirar a condición de entidade de utilidade pública da asociación Hazte Oír.

3.- A Corporación Municipal de Santiago de Compostela expresa a súa defensa dos valores e principios xurídicos de igualdade e non discriminación das persoas, recollidas en numerosas normas internacionais, estatais e autonómicas, así como do dereito das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero a desenvolver a súa vida en plenitude.

4.- A Corporación Municipal de Santiago de Compostela, en representación da súa cidadanía, afirma o carácter de respecto, igualitario e acolledor deste concello con todas as persoas, con independencia das súas características, e con total respecto á súa diversidade.

5.- A Corporación Municipal de Santiago de Compostela insta aos grupos políticos do Parlamento Galego a estudar a reformada Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para que introduza sancións contra todas aquelas accións que, como o referido HazteOírBus, discriminen ou promovan a discriminación das persoas LGTBIQ+.

2.- Rexistro de entrada do día 11 de maio de 2017, núm. 20775, en apio á ANPA do Colexio de educación especial da Barcia na rúa reclamación na apertura do CEGADI.

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En maio do 2005 o Concello de Santiago de Compostela aprobou a cesión á Xunta de Galicia a título gratuito, da parcela en Salgueiriños para construír na capital galega o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI). O concurso público para a súa construción concrétase en agosto de 2007 cun orzamento de 9.05 millóns de euros cofinanciados polo Programa Europeo Interreg III.

En maio de 2008 o Consello da Xunta aprobaba o decreto que creaba oficialmente o Centro. Sería un espazo de “rehabilitación integral para persoas con discapacidade” con diversos servizos entre os que destacaban un centro de día para 71 persoas e un área

residencial para outras 38 así como outros servizos para a rehabilitación funcional e promoción da autonomía persoal.

A crise inmobiliaria afectou á empresa construtora e obrigou á Xunta aprobar unha prórroga acompañada dunha modificación de contrato en 1.7 millóns de euros para rematar o proxecto.

Xa en 2010, apróbanse dúas prorrogas que fixan como data de entrega do edificio decembro dese ano.

As obras paralizáronse de novo e non se remataron ata 2013, ano no que a Xunta de Galicia puido dispoñer formalmente do CEGADI, tras un retraso evidente e un subrecusto de case un 40%.

Tras unha nova adxudicación da Xunta en febreiro de 2016 para arranxar un problema co subministro eléctrico, o centro queda plenamente operativo para poder abrir e dar servizo ás persoas con discapacidade e as súas familias.

Nestes anos os colectivos sociais e o momento asociativo de persoas afectades e familiares que esixen a apertura dun centro que se deseñou como centro referencial no noso país para investigación e atención especializada ás persoas con diversidade. Entre eles, a ANPA do Colexio de Educación Especial de A Barcia, ten promovido durante este ano a recollida de sinaturas, actualmente máis de 7000, para esixir a apertura urxente do Centro Galego de Desenvolvemento Integral, porque as súas fillas e fillos necesitan un recurso público que poida atender as necesidades específicas con profesionais e programas altamente profesionalizados e especializados, sen romper os vínculos coa comunidade na que creceron e construíron os lazos socioafectivos.

Ate os 21 anos as persoas con diversidade funcional son atendidas en Centros de Educación Especial, como o CEE a Barcia, dependentes da Consellería de Educación, pero a medida que se fan maiores e as súas necesidades de atención van mudando, ocorre que apenas hai oferta pública para a súa atención e son as familias e entidades do movemento asociativo ás que teñen que facerse cargo e asumir o elevado custo persoal e económico, que recae case en exclusiva nas/os coidadoras/as principais e nas familias, que en moitos caso non poden facer fronte aos coidados tan específicos e intensivos que requiren as persoas con diversidade funcionais.

Diante da situación de carencia de centros de referencia que lideren e garanten suficientes e adecuados recursos e servizos e tendo en conta os antecedentes descritos presentase esta moción e propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes:

ACORDOS:

1.- Expresar o compromiso coa defensa dos dereitos de todas as persoas a vivir con dignidade e atendidas en todas as súas necesidades e segundo as súas diversidades.

2-Solicitar á Xunta de Galicia a apertura urxente do CEGADI como centro de carácter altamente especializado e referencial para todo o país.

3-Solicitar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Maiores e Discapacidades, información sobre o contido do proxecto, servizos e tipo de diversidades funcionais que se prevé atender desde o CEGADI

4.- Solicitar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Maiores e Discapacidades, aclaración sobre o modelo de xestión e a súa incorporación funcional na carteira de prestacións de servizos especializados para persoas con diversidade funcional.

5.- Solicitar a Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Maiores e Discapacidades, que se garanta un número de prazas residenciais permanente na rede pública, con atención especializada adecuada ao tipo de necesidades específicas de saúde e psicosociais das persoas con diversidade funcional, para atender situacións cronificadas e o envellecemento progresivo destas persoas.

Antes de entrar no debate das mocións, dáse lectura a unha declaración institucional:

O Pleno da Corporación, adopta por unanimidade dos presentes, a seguinte declaración institucional, que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG):

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE O CUMPRIMENTO DA SENTENZA DO TRIBUNAL DE XUSTIZA EUROPEO SOBRE O SÁHARA OCCIDENTAL.

O pasado 21 de decembro de 2016, o Tribunal de Xustiza Europeo emitiu sentenza no sentido de que o Sáhara Occidental non forma parte do Reino de Marrocos, o que significa que ningún acordo comercial entre a Unión Europea e Marrocos é aplicable no Sáhara Occidental e que non se pode establecer ningunha actividade comercial, nin exportar os recursos naturais do Sáhara Occidental sen o consentimento do pobo saharauí.

Esta sentenza é de obrigado cumprimento por parte das autoridades europeas e estatais, e é tamén un deber, ademais de a respectar, dala a coñecer á cidadanía para a súa correcta aplicación. Así mesmo, segundo a resolución 2285 do Consello de Seguridade

da ONU de abril de 2016, o logro dunha solución política e a mellora da cooperación entre os Estado do Magreb contribuirán á estabilidade e á seguridade da rexión.

Como xa se lembrou en anteriores ocasións, o 26 de febreiro de 1976 España puxo fin á súa presenza no territorio do Sáhara Occidental, deixando inconcluso o proceso de descolonización que xa estaba en curso no marco da ONU e afirmando que o Estado español ten unha responsabilidade histórica, xurídica e moral co pobo saharauí.

Por todo o exposto, a Corporación do Concello de Santiago:

1. Chama a que se respecte e se cumpra a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 12 de decembro de 2016, onde se establece que os acordos de asociación e liberalización entre Marrocos e a Unión Europea non son de aplicación ao territorio do Sáhara Occidental.
2. Expresa a súa preocupación sobre a explotación dos recursos naturais do Sáhara Occidental, incluíndo por parte de compañías europeas, en contradición co dereito internacional e europeo; insiste en lembrar a ilegalidade de calquera actividade comercial co Sáhara Occidental sen o consentimento do pobo saharauí.
3. Fai un chamamento a compañías europeas, españolas e galegas para que actúen de conformidade co dereito internacional e europeo, de xeito que cesen as actividades que poidan favorecer a perpetuación da ocupación marroquí do Sáhara Occidental e a explotación dos seus recursos naturais e urxe a todas as autoridades a implantar a lexislación vixente, con base na recente sentenza do TXUE.
4. Súmase á corrente de solidariedade coa que a sociedade galega leva anos esixindo unha solución política xusta, duradeira e mutuamente aceptable a través dun referendo de autodeterminación que poña fin ao conflito do Sáhara Occidental.

A continuación procédese ao debate e posterior votación das mocións, por orde de entrada das que é declarada a urxencia da súa totalidade.

Rematado o debate das mesmas, adoptáronse os seguintes acordos:

En relación á moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á separación de funcións de contabilidade e fiscalización, o Pleno da Corporación por 5 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Partido Popular (9 CA e 9 PP), acorda que o goberno municipal proceda á segregación das

funcións de contabilidade e de fiscalización da Intervención Xeral do Concello de Santiago de Compostela de acordo á lexislación citada no texto desta moción.

En canto á moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á incorporación de información das liñas de transporte urbano en tempo real na plataforma Google Maps e noutras aplicacións gratuítas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a que promova o inicio dos trámites necesarios para que se inclúa, de forma gratuíta, a información estática e en tempo real do servizo público de transporte de viaxeiros municipal de Santiago de Compostela na plataforma Google Maps -así como noutras plataformas gratuítas semellantes de cobertura mundial, como Moovit- coa finalidade de ampliar e mellorar o servizo existente, así como promover a difusión, uso e extensión do transporte público entre a cidadanía.

Na moción do grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio ás persoas con diversidade sexual, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

- 1.- Manifestar o seu rexeitamento á campaña da entidade Hazte Oír contra un suposto “adoutramento sexual”, por considerar que atenta contra a igualdade efectiva e os dereitos das persoas LGTBIQ+, promovendo a discriminación e marxinação social das persoas que integran este colectivo.
- 2.- Solicitar ao Goberno español para que realice as actuacións que sexan necesarias para retirar a condición de entidade de utilidade pública da asociación Hazte Oír.
- 3.- Expresar a súa defensa dos valores e principios xurídicos de igualdade e non discriminación das persoas, recollidas en numerosas normas internacionais, estatais e autonómicas, así como do dereito das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais e transxénero a desenvolver a súa vida en plenitude.
- 4.- Afirmar o carácter de respecto, igualitario e acolledor deste concello con todas as persoas, con independencia das súas características, e con total respecto á súa diversidade.
- 5.- E instar aos grupos políticos do Parlamento Galego a estudar a reformada Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para que introduza sancións contra todas aquelas accións que, como o referido HazteOírBus, discriminen ou promovan a discriminación das persoas LGTBIQ+.

En relación á moción do grupo municipal do Partido Popular, sobre a implantación dun bonotaxi para persoas con discapacidade e o estudo de axudas de transporte, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a:

1. Logo dos trámites necesarios, proceda a implantar un bonotaxi, destinado a persoas que pola súa discapacidade non poidan facer uso de transporte público colectivo e requiran dese medio para os seus desprazamentos; promovendo a ampliación dos taxis especialmente adaptados para este fin.
2. Que de forma simultánea estude a posibilidade de articular unha axuda, en función da renda, para mellorar a accesibilidade das persoas naquelas zonas con baixa cobertura do transporte urbano colectivo, promovendo o uso do taxi como un transporte alternativo á demanda.

Con respecto á moción do grupo municipal de Compostela Aberta, de apoio á ANPA do colexio de educación especial de A Barcia, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

- 1.- Expresar o compromiso coa defensa dos dereitos de todas as persoas a vivir con dignidade e atendidas en todas as súas necesidades e segundo as súas diversidades.
- 2-Solicitar á Xunta de Galicia a apertura urxente do CEGADI como centro de carácter altamente especializado e referencial para todo o país.
- 3-Solicitar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Maiores e Discapacidades, información sobre o contido do proxecto, servizos e tipo de diversidades funcionais que se prevé atender desde o CEGADI
- 4.- Solicitar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Maiores e Discapacidades, aclaración sobre o modelo de xestión e a súa incorporación funcional na carteira de prestacións de servizos especializados para persoas con diversidade funcional.
- 5.- Solicitar a Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Maiores e Discapacidades, que se garanta un número de prazas residenciais permanente na rede pública, con atención especializada adecuada ao tipo de necesidades específicas de saúde e psicosociais das persoas con diversidade funcional, para atender situacións crónicas e o envellecemento progresivo destas persoas.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:50 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O vicesecretario,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández